Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 192. Febreiro 2022. Distribución gratuíta

O Mercamelide contará cun rocódromo para animar as xornadas de compras

O Mercamelide de inverno deste ano celébrase esta fin de semana, sábado 12 e domingo 13, en horario ininterrompido dende as 11:00 horas ata as 20:00 horas no Palacio de Congresos do municipio.

Nesta tradicional feira de oportunidades participarán diversos establecementos locais con gran variedade de produtos e prezos irresistibles. Para animar estas xornadas de mercas haberá un rocódromo para as persoas que compren nos comercios do Mercamelide. P4

Entrevista de benvida á nova asociada Confecciones MJ

Confecciones MJ é un comercio de roupa masculina situado na Rúa Alexandre Bóveda que recentemente se asociou a ASETEM - CCA. Entrevistamos á súa xerente para coñecer máis esta tenda. P8

ASETEM celebra San Valentín repartindo anaquiños de amor

ASETEM - CCA reparte unhas caixiñas cheas de anaquiños de amor para celebrar o día dos namorados nos comercios de proximidade asociados. Un pequeno detalle para os días máis románticos do ano. P9

EMPRESA
ASETEM - CCA participa na campaña 'As forzas que multiplican' da AGAXECCA P5

MELIDE
O Concello organiza un entroido cunha programación variada P13

CULTURA
Entrevista ao melidense Xosé María Santín, autor de 'Oxímoro' P21

ENTREVISTA

Álvaro Blanco, Cubiertas Hermanos Blanco P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A cultura, o idioma e a tradición non teñen fronteiras

Se hai unha formación musical que soe con forza, tanto o seu nome (aínda que algún/algunha lle costou aprender a pronuncialo) como a súa música, en España esas son as Tanxugueiras. Un grupo de tres mulleres galegas que conseguiron que durante a gala final do Benidorm Fest, celebrada o pasado sábado 28 de xaneiro, o 50% das persoas que en Galicia estaban vendo a televisión durante esa noite estaban vendo como as Tanxugueiras pelexaban por representar a España no festival de Eurovisión.

O chamado efecto Tanxugueiras vai moito máis alá da súa participación nun concurso da televisión pública de España (na que só emiten corenta minutos ao día de contido en galego que corresponde ao telexornal). Aida, Olaia e Sabela conseguiron poñer a cultura, a lingua galega e a tradición do país no panorama nacional e internacional. Grazas a estas tres pandereteiras, persoas de todo o mundo empezaron a interesarse pola nosa terra e os nosos costumes.

Olaia, Aida e Sabela, compoñentes das Tanxugueiras. / Foto: Tanxugueiras

As Tanxugueiras conseguiron que gran parte dos galegos e das galegas nos ilusionaramos con ver a nosa música tradicional e unha canción na que nos sentiamos representados nun palco con perspectiva europea e incluso internacional. Tiñamos ilusión por escoitar a nosa 'Terra' en Turín (Italia) e berrar coas gorxas bravas de fondo cantar mentres os pelos da pel se nos poñen de punta.

Este efecto Tanxugueiras conseguiu algo moito máis importante que representar a España en Eurovisión, conseguiron que cativos e cativas queiran empezar a aprender a tocar a pandeireta ou a bailar uns puntos de muñeira; que moitos mozos e mozas empecen a descubrir outra música e estilos en galego de diferentes grupos que antes nin sequera sabían que existían e agora empezaran a formar parte das súas vidas; e os máis maiores viron que a tradición e as foliadas nas que ían divertirse están máis vivas que nunca e co mesmo espírito de sempre.

As Tanxugueiras son feminismo, tradición e cultura galega, que o que comezou con estas tres mulleres nun palco en Benidorm non se deixe apagar co paso do tempo. Queda demostrado que as linguas, as culturas, os territorios e as persoas non teñen fronteiras á vista.

Tribuna de opinión

A nova lei de vivenda

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha parede na que está escrita o artigo 47 da Constitución. / Foto: Digerur

O Goberno central vén de aprobar no Consello de Ministros e Ministras o novo proxecto da Lei de Vivenda, no que unha das medidas máis destacadas é o mecanismo de regulacións dos alugueres en zonas tensionadas como poden ser as grandes cidades. Esta medida está suxeita a datos obxectivos, por exemplo, que o prezo do aluguer crecera cinco puntos por encima do IPC e que as familias teñan que destinar unha porcentaxe da súa renda superior ao 30% para costealo. No caso de que o propietario do inmoble sexa o que se coñece como un "gran garfo", é dicir, con máis de dez inmobles ao seu nome terá que no novo contrato de aluguer baixar o prezo ata que sexa o prezo medio de referencia para esa zona.

Ademais, a nova norma establece a esixencia de reservar ao menos un 30% da zona residencial que se constrúan nas novas promocións de vivenda a inmobles de protección pública que, ao menos, permita establecer o seu prezo máximo en venda, aluguer ou outras formas de acceso. Unha lei que busca dignificar o dereito á vivenda.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Ana Mato, CC Xestión, IES de Melide Vanesa de Quinzán e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....18
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

“A organización e realización do Mercamelide por parte de ASETEM - CCA é totalmente transparente”

Persoas paseando e mercando no Mercamelide de inverno celebrado no Palacio de Congresos no 2019. / Foto de arquivo

Dende a Directiva da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide queren aclarar e informar á poboación logo das declaracións feitas nunha nota de prensa colgada en varios medios de comunicación, nas que se verten afirmacións que non son correctas sobre a campaña do Mercamelide.

ASETEM - CCA é unha entidade que representa a máis de cento trinta empresas e persoas autónomas da comarca da Terra de Melide dende hai máis de trinta anos. Ao longo de todo este tempo a entidade colaborou con todas as formacións de goberno municipal, independentemente da cor política ou ideoloxía.

Con respecto á organización do tradicional Mercamelide dende o equipo directivo de ASETEM afirman o seguinte: “a entidade que organiza e xestiona a celebración do Mercamelide, tanto na edición de verán como na de inverno, é a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, non o Concello”. De feito, a actual normativa galega especifica que as feiras de oportunidades só poderán ser solicitadas polas persoas comerciantes ou as súas estruturas asociativas, como é o caso de ASETEM. Polo tanto, o Concello de Melide non pode organizar nin solicitar a realización dunha feira de oportunidades como é o Mercamelide.

O Mercamelide é unha campaña máis de ASETEM - CCA, ao igual que o son a de ‘Este Nadal toca en Melide’ ou a do Día da Nai. Para a celebración do Mercamelide, a asociación empresarial destina unha partida económica para sufragar gastos como a publicidade ou o reparto de panfletos. O Concello de Melide, limítase a colaborar (na medida que considera oportuna) na realización do Mercamelide, un evento que non só beneficia aos establecementos participantes na feira de oportunidades, xa que atrae xente doutras localidades a Melide durantes eses días, persoas que aproveitan para consumir na hostalería da vila ou mercar noutras tendas a maiores das que están no Mercamelide.

A cuestión do cobro de 30 euros para os participantes lévase facendo dende hai anos nesta feira de oportunidades. Hai unhas edicións, dende a directiva de ASETEM, decidiuse falar co Concello de Melide (ente colaborador) para comunicarlle que os comercios asociados á asociación empresarial non pagaran dita cota, xa que “estar pagando unha cota de socio durante todo o ano terá que ter algunha vantaxe nas campañas que ASETEM - CCA organiza e, por outra parte, dedica unha cuantía determinada procedente dos cartos da propia asociación”. Polo tanto, dende ASETEM non consideran que sexa unha medida desigualitaria nin tampouco que iso implique que o resto de establecementos da vila non poidan participar, todo o contrario están todos convidados a formar parte do Mercamelide, simplemente ASETEM (como organizador do evento) inclúe unha cota para os non socios.

Todas e todos somos libres de opinar sobre o traballo da asociación, unhas veces acértase e outras non, e a veciñanza pode manifestar a súa opinión libremente. Non obstante, notas de prensa que se publicaron estes días están a desinformar á poboación da comarca con datos que non son certos. O equipo directivo de Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide decidiu escribir esta nota de prensa de xeito público para aclararlle á veciñanza a situación da organización da campaña do Mercamelide que é totalmente transparente. Por suposto, a asociación queda aberta a todas as persoas que teñan ideas novas ou propostas que facer arredor do Mercamelide.

Por último, facer fincapé en que un dos principais obxectivos de ASETEM - CCA é dinamizar e impulsar o comercio local, así como defender os intereses dos empresarios e empresarias da comarca, independetemente do partido político que en cada momento estea no Concello.



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

Coas mercas do Mercamelide poderase conseguir un vale para subir ao rocódromo

Varias persoas mercando no Mercamelide nas pasadas edicións, celebradas antes da pandemia. / Foto: Cerne

O Mercamelide de inverno deste ano celébrase esta fin de semana, sábado 12 e domingo 13, en horario ininterrompido dende as 11:00 horas ata as 20:00 horas no Palacio de Congresos.

Nesta tradicional feira de oportunidades participarán os seguintes establecementos locais: Mis Mejores Labores, Colorín Colorado, Pequeniños Zapatería Infantil, Sakho Moda, Mercería Marvi, Electrosan, Salacadula Shop, Noguerol Cociña e Baño, Tu Boutik, Stardemoda, Modas Alfonso, Calzados Broz e Moraima A Granel. Polo tanto, as persoas que pasen polo Mercamelide de inverno poderán atopar unha ampla gama de produtos.

Dende a directiva de ASETEM, animan á veciñanza e visitantes a achegarse á feira de oportunidades desta fin de semana porque atoparán grandes e variados produtos de calidade e a bos prezos. Un xeito de apoiar a economía local dunha maneira que tamén beneficia aos particulares. Ata o Mercamelide tamén se van achegar varias autoridades do Concello de Melide; a subdelegada do Goberno na provincia da Coruña, María Rivas López; o deputado delegado de contratación, patrimonio provincial e equipamento da Deputación da Coruña, Xosé Luis Penas Corral; e o director xeral de comercio da Xunta de Galicia, Manuel Heredia.

Ademais, nesta edición do Mercamelide de inverno haberá instalado un rocódromo de 6 metros e medio de altura que contará con varios monitores para garantir a máxima seguridade dos participantes. Para poder probar a experiencia do rocódromo é necesario facer, como mínimo, unha compra nun dos establecementos participantes do Mercamelide, xa que coa merca a persoa recibirá un vale que poderá canxear por unha experiencia no rocódromo. Unha actividade diferente para animar a mercar nesta feira de oportunidades e ao mesmo tempo ter a oportunidade de probar un rocódromo.

Durante o Mercamelide, no Palacio de Congresos cumpriranse todas as medidas de seguridade vixentes fronte á COVID - 19, de feito, no recinto haberá varios controladores para garantir que se cumpren todas as normas sanitarias. Unha feira de oportunidades que nos acerca un poquiño máis á vella normalidade.

Entrega de premios do tradicional sorteo ‘Este nadal toca en Melide’

Tamara Mellid, Autoescola Agra e Manuel Vázquez; Miguel Pulido e Tania, Espectáculos Escala, e Martín Carral; e José Manuel Silvela, Xoiería Silvela, e María José Río na entrega do premio. / Foto: Cerne

O sorteo da campaña ‘Este Nadal toca en Melide’ poñía na rúa 6.000 euros para repartir entre a clientela dos comercios locais asociados. Algúns dos premiados xa acudiron ás oficinas da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide e aos establecementos premiados para recoller os vales de compra que terán que volver gastar no comercio da vila asociado a entidade empresarial da comarca. Dende Asetem queren agradecer a participación de todas as persoas que mercaron durante a época de Nadal nos establecementos de proximidade da vila.

ASETEM participa na campaña ‘As forzas que multiplican’ da Asociación de Xerentes de CCAs

A xerente da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, Pilar López. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide participa na campaña de Centros Comerciais Abertos ‘As forzas que multiplican’, organizada e impulsada pola Asociación Galega de Xerencia destas entidades.

Esta nova iniciativa consiste en dar visibilidade e promoción a unha campaña destacada de cada un dos centros comerciais abertos asociados á entidade de xerentes de Galicia. Pilar López, xerente de ASETEM - CCA dende hai máis de vinte anos, manifesta a súa alegría porque “o lema desta iniciativa ten moito significado, se xuntamos as forzas acábanse multiplicando, polo tanto demóstrase o sentido das asociacións como ASETEM, xuntos somos máis fortes”.

A Asociación Galega de Xerencia dos Centros Comerciais Abertos e Zonas Comerciais Urbanas está a publicar diversos vídeos nos que cada entidade asociada explica nun vídeo corto unha das súas principais iniciativas que leva a cabo durante o ano e que repercuten na economía dos comercios locais. No caso de ASETEM - CCA poñen en valor o Mercamelide, a feira de oportunidades máis coñecida do interior de Galicia que organiza a entidade empresarial e na que colabora o Concello de Melide. Para explicar os principais obxectivos e repercusións desta campaña, no vídeo participan: Cristina Mato, traballadora de ASETEM; Margarita Iglesias, membro da directiva e responsable de Mis Mejores Labores; e Mary López, xerente de Electrosan. Na publicación, que se fará pública nas vindeiras semanas nas redes sociais de ASETEM - CAA (facebook, instagram e twitter) e da Asoación Galega de Xerencia dos Centros Comerciais Abertos e Zonas Comerciais Urbanas, as responsables dos comercios locais fan fincapé nos beneficios de ir cada ano ao Mercamelide, “é un escaparate máis que che permite que o teu establecemento sexa coñecido por xente que non é a túa clientela habitual”, afirma Margarita Iglesias. Por outra parte, Cristina Mato, traballadora de ASETEM destaca o consolidado que está o Mercamelide, nas súas dúas edicións, entre a veciñanza e os visitantes da vila e a boa acollida que ten cada ano por parte da clientela que aproveita estas datas para mercar.

As rebaixas de inverno seguen presentes nos comercios locais

O interior da tenda de roupa infantil ‘Sueños’ con descontos. / Foto: Sueños

Como todos os meses de febreiro, as rebaixas de inverno son as grandes protagonistas no comercio de proximidade da vila.

Logo dunha época de Nadal na que o aumento de contaxios fixo minguar un pouco as vendas previstas polos comerciantes melidenses, as rebaixas son unha oportunidade idónea para sacar de stock os artigos e produtos de tempadas pasadas e poder adquirir mercancía nova.

Para atraer á clientela os establecementos de proximidade apostan por facer fortes descontos de ata o 50% en moitos dos seus produtos. Dende a directiva de ASETEM - CCA confían en que “esta tempada de rebaixas anime á xente a mercar nos comercios locais da vila e que non vaian ás grandes superficies”.

O Grupo Noguerol entre as mellores ferraxerías da provincia segundo os usuarios de Google

As instalacións do Grupo Noguerol onde acollen o seu espazo de ferraxería en Melide. / Foto: Grupo Noguerol

O Grupo Noguerol acada o sexto posto na clasificación das mellores ferraxerías localizadas na provincia da Coruña entre os usuarios e usuarias de Google do 2021.

Para elaborar esta listaxe de clasificación tivéronse en conta as opinións e valoracións das persoas usuarias da aplicación de Google e Google Maps para buscar este tipo de establecementos na provincia. Nesta lista só entraron as ferraxerías que acadaron unha puntuación igual ou superior a 4,5 e, con polo menos, 50 opinións da clientela.

O Grupo Noguerol repite nesta clasificacións das mellores ferraxerías, este ano faino cunha puntuación de 4,7 sobre 5 e con 84 opinións dos seus usuarios e usuarias. Dende esta empresa familiar, asociada a ASETEM - CCA, manifestan con gran ilusión que “cando son os clientes os que nos outorgan o orgullo de figurar entre os mellores, sentimos que o que facemos cada día merece a pena, vemos cumprido o noso propósito de ofrecer o mellor de nós mesmos en cada paso que damos”.

Para as persoas que aínda non coñezan as súas instalacións están na rúa Circunvalación da Feira en Melide.

Casa Alongos publica algunhas das súas receitas co polo rubio de protagonista

Mostra do resultado da receita de polo rubio ao “ajillo”. / Foto: Casa Alongos

O restaurante Casa Alongos, asociado a ASETEM - CCA, vén de publicar algunhas das súas receitas máis coñecidas co polo rubio de protagonista absoluto.

Nunha colaboración coa empresa Polo de Avigrao, Concha Casares e Francisco Lugrís comparten, con todo aquel que o desexe, nove receitas diferentes para cociñar un polo rubio de calidade e proximidade.

As receitas poden consultarse na páxina web: www.pollorubio.com/recetas. As elaboracións detalladas son: polo rubio gratinado con espinacas, polo rubio con romero e mango a baixa temperatura, polo rubio Cajún, polo rubio estilo Acción de Gracias, polo rubio ao chilindrón, polo rubio ao forno Taandori (receita tradicional India - Pakistán), polo en escabeche, polo rubio ao “ajillo”e polo á pepitoria. Nove receitas que conteñen información sobre a dificultade do cociñado, o tempo de preparación, ingredientes, xeito de preparación e o número de comensais.

Casa Alongos é un establecemento hostaleiro onde sempre fixeron fincapé na necesidade de ter un bo produto para poder conseguir un bo prato. Ademais, dende as cociñas de Casa Alongos son fieis á cociña tradicional, da que as avoas facían a diario e non sempre era valorada como se merecía por parte dos comensais. Non obstante, nesta listaxe de receitas tamén teñen cabida algunhas con orixe extranxeira, unha delas sacada dunha receita manuscrita dun chef de Lousiana (Estados Unidos).

A rede de fibra de Juifi xa está dispoñible en Arzúa

A sede comercial de Juifi na rúa San Pedro de Melide. / Foto de arquivo

A empresa de telecomunicacións melidense e asociada á Asociación de Empresarios e Empresarias de Melide, Juifi xa conta con servizo de fibra sen límites no municipio de Arzúa.

Con este novo servizo, Juifi busca incrementar a súa carteira de clientela fóra de Melide, lugar onde teñen a súa sede comercial. Os veciños e veciñas de Arzúa que estean interesados en coñecer máis sobre este servizo ou calquera outros dos que esta empresa de telecomunicacións ofrece poden acudir as oficinas situadas na rúa San Pedro, 16, visitar a súa páxina web onde poden deixar o seu número de teléfono para que os chamen ou marcar o 604 040 040.

SUBVENCIÓNS DE INTERESE PARA O 2022

- Proxectos de investimento en actividades non agrícolas *(DOG 16, do 25/01/2022)*

Obxecto: adquirir maquinaria e equipamento, para mellorar, ampliar ou modernizar as empresas existentes que desenvolven actividades non agrícolas en zonas rurais, co fin de mellorar a competitividade, inducir á xeración de novos empregos e consolidar os existentes; por en marcha novas actividades empresariais non agrícolas en aldeas declaradas modelo pola Xunta de Galicia.

Beneficiarios: - Microempresas e pequenas empresas situadas en zonas rurais, construídas con anterioridade ao 1 de setembro de 2021. Non poden ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens e as entidades sen ánimo de lucro. - Persoas físicas que residan nunha zona rural, autónomos dados de alta con anterioridade ao 1 de setembro de 2021. - Titulares dunha explotación agraria ou familiares ata o 3º grao empadroados nun domicilio familiar vinculado á explotación, que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e desenvolvan o seu proxecto na propia explotación. A explotación agraria deberá estar inscrita no REAGA e ter cualificación de explotación agraria prioritaria.

Proxectos subvencionables: - Adquisición de maquinaria e equipamento, nos seguintes sectores de actividade: industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais. No caso de madeira, só actividades de segunda transformación; transformación e/ou comercialización de produtos agrario, cando o produto final non estea incluído no anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE). Para estas actividades, excluiranse proxectos cun orzamento superior a 60.000€; prestación de servizos en calquera sector económico, agás servizos de maquinaria agrícola e forestal e empresas de servizos enerxéticos; servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con diferentes capacidades, ...); actividades de ocio, recreativas e deportivas; actividades artesanais; actividades baseadas na innovación tecnolóxica e no comercio electrónico; enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos e limpeza industrial; comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE. - Posta en marcha de novas actividades empresariais non agrícolas nas aldeas modelo declaradas pola Xunta de Galicia. Só para proxectos de posta en marcha de actividades en aldeas modelo, adicionalmente, será subvencionable a construción, adquisición e mellora de inmobles (co límite do 50% do total dos gastos subvencionables), honorarios de proxecto, dirección de obra e estudos de viabilidade (ata o 12% do total), gastos de constitución derivados do comezo da actividade.

Quedarán excluídos os proxectos cun orzamento subvencionable inferior a 10.000€ e superior a 220.000€ (IVE excluído, salvo que non sexa recuperable); agás no sector da artesanía cuxos límites serán 5.000€ (de mínimo) e 100.000€ (máximo).

Obrigas, entre outras: mantemento do emprego existente na empresa durante o período de execución do proxecto; e manter o emprego certificado na data do pagamento final (existente e o creado) durante un período de 3 anos dende a resolución de pagamento final. Destinar os bens ao fin para o que se concedeu a subvención durante 5 anos, dende a resolución de pagamento final.

Prazo de solicitude: ata o 25/02/2022.

Información aportada por: CCXestión

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ENTREVISTA A MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ DE CONFECCIONES MJ

“Non hai relevo xeracional no sector da confección, necesitamos que a xente nova aprenda este oficio”

María José Rodríguez, responsable de Confecciones MJ, leva toda a vida traballando no sector da confección o que é a súa paixón e forma de vida. Por este motivo, María José lanzouse a abrir de novo unha tenda de roupa en Melide (a súa vila natal) para seguir cumprindo soños e obxectivos profesionais. Unha muller que se define como unha persoa cun gran espíritu de loita e que nunca se da por vencida. En Confecciones MJ a clientela pode atopar todo o necesario para vestir un home, están na rúa Alexandre Bóveda, 7, baixo.

- Aínda non levas un ano coa tenda aberta, como está sendo a acollida ata o momento?

- María José Rodríguez (M.R): Pois a pesar de que estamos pasando por unha situación complexa co rollo da pandemia a xente estase animando a vir mercar, especialmente roupa cómoda para o día a día. Creo que tamén axuda moito o feito de que a veciñanza xa me coñece porque tiven hai anos outra tenda nesta mesma rúa, polo tanto xa eres unha cara coñecida para a clientela e iso anima á xente a vir. Ademais, o bo desta vila é que che veñen persoas doutras localidades da comarca e incluso das cidades máis próximas como Santiago, Coruña e Lugo.

- Que podemos atopar en Confecciones MJ?

- (M.R): Pois todo o preciso para vestir a un home, independentemente da súa idade. Dende roupa interior, pixamas e batas ata pantalóns ou camisas. Ademais, teño tallas grandes (ata a cinco XL) que é algo que parte da veciñanza se queixa moito de que non consegue atopar normalmente nos comercios e para eles saber que aquí van poder atopar unha peza de roupa da súa talla sen ter que ir a unha cidade pois agradéceno moito. É certo que estas tallas grandes non as teño en todos os modelos da tenda porque hai casas que non fan a roupa neses tallas pero nas que fan eu pídolles a todas. Logo teño varios estilos diferentes para quea clientela poida escoller co que máis se identifique, dependendo de se é máis clásico ou máis moderno e arriscado.

María José Rodríguez, responsable de Confecciones MJ, na súa tenda situada na Rúa Alexandre Bóveda. / Foto: Cerne

- Cres que este verán se recuperarán as grandes celebracións?

- (M.R): Temos a esperanza de que se recuperen pero aínda que así sexa, a xente xa non merca tanto unha roupa especial para este tipo de eventos, prefire comprar estilismos cómodos e non tan específicos para unha ocasión determinada.

- A pesares do pouco tempo que levas co comercio aberto xa estás pensando en crear novos proxectos.

- (M.R): Si, sempre estou mirando para diante e con ganas de seguir traballando no que máis me gusta que é o mundo da confección. Nestes momentos estou barallando a idea de ampliar a tenda, que agora é só de roupa masculina, para integrar tamén roupa de ceremenonias para nenos e nenas, dende traxes para un bautizo ata estilismos para ir de arras. Este novo proxecto xorde porque en Vilagarcía de Arousa teño outro establecemento no que xa vendo este tipo de roupa, polo que tampouco me supoñería un esforzo extra que non poidera asumir.

- Entón para bautizos que se celebren este ano xa poden vir aquí encargar o seu traxe?

- (M.R): Si claro, nós facemos todo tipo de modelos. A miña intención é poñer algúns de exposición como exemplo para que a xente os vexa, pero calquera cliente pode vir cunha fotografía no teléfono dun traxe que vira por internet ou noutra ceremonia, collemos a idea e facemolo sen problema. O único a ter en conta é o tempo, xa que para facer un traxe de bautizo ou de arras precisamos que se veña encargar, polo menos, con dous meses de antelación porque temos outros encargos a maiores e fai falta ter ese tempo de marxe.

- Xa estamos inmersos na época de rebaixas de inverno, como está sendo a campaña?

- (M.R): Polo momento está sendo frouxa, a xente aínda non está moi animada para mercar. En Confecciones MJ o que facemos en época de rebaixas é poñer toda a roupa da tenda, neste caso da tempada de inverno, ao 50% de desconto. O meu obxectivo con estes grandes descontos é liquidar toda a roupa de tempada porque quero meter cousas novas no comercio. De feito, incluso en prendas de roupa máis “atemporais” como poden ser os pantalóns vaqueros tamén os poño con desconto para poder seguir incorporando prendas novas. O que non poden facer os establecementos (sobre todo as grandes superficies) e poñer descontos do 70% porque se nas pequenas tendas temos que poñelos a eses prezos perdemos cartos, e moitas veces esas grandes marcas fano enganado na clientela. Unha cousa que teño moi clara dende que entrei neste negocio é que o complexo non é conseguir clientela, o realmente difícil é conservala e para iso tes que saber como tratala, resolverlle as súas necesidades ou demandas e non enganala.

- Cal é a situación actual do sector da costura en Galicia?

- (M.R): Eu levo dende os dezaoito anos na confección e podo afirmar que non hai xente que saiba coser. Unha vez que se xubile a miña xeración non vai quedar un relevo para ocupar o noso sitio. A mocidade non ten ganas de aprender o oficio da confección, ten a idea de que non é un bo traballo. Son consciente de que moitas marcas empezaron a enviar o traballo de confección a outros paíse e iso afectou bastante pero tamén creo que as empresas van volver apostar por confeccionar outra vez as prendas aquí e para iso necesitamos xente nova que aprenda a coser. Hai unha falta moi grande de traballadores e traballadores no sector da confección e iso eu sufrino de primeira man.

ASETEM - CCA repartirá anacos de amor para celebrar a campaña de San Valentín

O cartel de ASETEM - CCA para a campaña dos namorados co lema 'Consegue un anaquiño de ilusión'. / Foto: ASETEM

ASETEM - CCA reparte unhas caixiñas cheas de anaquiños de amor para celebrar o día dos namorados nos comercios de proximidade asociados.

Con esta iniciativa, a asociación empresarial da Terra de Melide recupera as caixiñas entregadas durante a campaña de Nadal do 2020 e adáptaas para festexar os namorados e que os establecementos locais poidan ter un bonito detalle coa súa clientela.

Durante a semana anterior ao día dos namorados os comercios asociados que así o desexen recibirán varias caixiñas cheas de amor para agasallar coas compras deses días. ASETEM - CCA ten como obxectivo que "estes anaquiños de amor sexa unha maneira de agradecer cun pequeno detalle á fiel clientela do comercio melidense, comenta a súa xerente Pilar López.

A esencia desta campaña arredor dos namorados vén de atrás, "decidimos recuperar as caixiñas de ilusión porque durante a iniciativa de Nadal do 2020 tiveron moito éxito, tanto a comerciantes como a clientela gustoulles moito e cremos que o día dos namorados é unha boa oportunidade de recuperalas e adaptalas á nova campaña", destaca López. Dentro destas orixinais caixiñas con mensaxe cariñoso irán gardadas unhas pequenas chocolatinas para facer máis doces aínda os agasallos.

Ademais, esta iniciativa terá unha segunda parte nas redes sociais da asociación para buscar promover e impulsar as vendas no comercio de proximidade durante eses días previos ao dos namorados. Ao igual que durante todo o ano, os establecementos asociados que queiran publicitar ou dar difusión a algún produto ou servizo a través das redes de ASETEM, así como do Cerne poden enviar un correo a info@asetem.com ou a redesasetem@gmail.com ou chamar ao 981 50 61 88. O servizo de promoción nas redes sociais é totalmente gratuíto para todos os asociados, polo que dende a directiva da asociación animan aos comerciantes a facer uso desta ferramenta.

O ano pasado, dadas as difíciles circunstancias sanitarias por mor da pandemia a campaña dos namorados tivo que celebrarse a través das redes sociais, cun sorteo entre as fotografías que a veciñanza subía con motivo do día dos namorados. A pesar de non ser unha das grandes iniciativas organizadas e levadas a cabo por ASETEM - CCA, dende a directiva manifestan a necesidade de realizar algo diferente para intentar volver dinamizar as compras dos noivos e noivas nestes días no comercio de proximidade. Como en todas as iniciativas comerciais, dende a entidade empresarial fan fincapé en que "nas tendas do municipio a clientela ten todo o necesario para facer un bo agasallo a esa persoa especial, dende roupa, calzado, xoias e ata produtos máis personalizados".

MIS MEJORES LABORES

- Diseñamos e facemos montaxes para celebracións (bautizos, comunións, cumpleanos...).
- Temos agasallos orixinais para San Valentín.
- No posto do Mercamelide poderedes atopar os mellores produtos a bos prezos.

Ronda da Coruña, 38
15800 - Melide
981 50 90 85

Queríache facer unha consulta rápida...

Imaxina que che escacha o cristal da fiestra da cociña e tes un amigo que é cristaleiro. Vas encargar o cristal onda o teu amigo, porque sempre é preferible pagar polo traballo a un amigo que a alguén que non coñeces. Cando che pon o cristal daslle as grazas por virche axiña, págaslle e se cadra redondéaslle a conta á alza, que para iso é coñecido teu.

Cando tes que mercar uns zapatos e tes unha parente ou amiga cunha zapataría vas á súa tenda porque ti tes unha necesidade e ela un negocio co que pode darche solución. Ti mercas os zapatos, págalos, saes contento, e ela tamén.

Pero as amizades e os lazos de familia en profesións que non manexan un produto material acaban sendo un lastre e confirmando o vello dito de que a confianza dá noxo. Hai un sentir –tristemente- xeneralizado de que o que non se fai coas mans non ten valor. Todos temos unha coñecida que ten unha xestoría, e todos nos sentimos libres de chamala –a calquera hora do día ou da noite, martes ou domingos pola tarde- e pedirlle por teléfono unha solución á nosa ignorancia ante trámites administrativos, burocráticos, unha axuda cunha subvención, "mírame rapidiño aí nun momento en canto me sae a renda", etc, coma se esa persoa non gañase o seu pan precisamente por ter e aplicar eses coñecementos.

Todos sabemos dalgunha persoa vencellada ao ámbito sanitario á que nos cremos con dereito a abordar cando pasea pola vila, cando está no supermercado ou cando toma unha cervexa cos seus, para pedirlle asesoramento sobre a nosa doenza, ou a dalguén da nosa familia. Coma se a súa consulta médica viñese de arrastro con ela fóra do seu horario laboral.

Todos sabemos dalgunha persoa que traballa no eido da informática, a telefonía ou as telecomunicacións, a quen lle encasquetamos un ordenador que nos dá problemas, "a ver se mo podes mirar, na fin de semana, que ti míralo en cinco minutiños". A suma deses minutiños é a súa xornada laboral. Non lle pagamos a un electricista 100€ polos cinco minutos que tardou en empatarnos un cable correctamente co que volve de novo a luz; pagámoslle 100€ por saber cal era o cable que tiña que empatar.

A xente que traballa coa cabeza cobra porque sabe como facelo. Non cobra por metro de parede recebada, nin por quilo de mercancía vendida: cobra porque investiu anos da súa vida en adquirir uns coñecementos que agora sabe aplicar ante problemas que son intanxibles, pero que tamén facturan. Deberiamos ter sempre presente que o coñecemento non é innato, custou adquirilo, e aínda que non fai callos nas mans, si ocupa un oco moi importante nos cerebros que, coma o corpo, hai que alimentar, e respectar. Por iso, non viña mal lembralo cando esteamos tentados a pedir "unha consultiña rápida" a alguén que leva a ferramenta de traballo diario consigo na súa cabeza.

Vanesa de Quinzán

O IES de Melide colabora cun programa piloto de orientación académico a través de medios dixitais

O alumnado de 4º da ESO na aula de informática realizando a primeira parte da proba. / Foto: IES de Melide

No Instituto de Educación Secundaria de Melide promoven unha vez máis a innovación no ámbito educativo, desta volta dende o Departamento de Orientación, colaboran cun programa piloto de orientación académico profesional a través de medios dixitais. Este novo programa é promovido polo Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia da Consellería de Educación.

Esta iniciativa consiste na realización de diferentes probas e test de personalidade realizados a través dun dispositivo móbil. Logo, a aplicación informática elaborará un informe cun perfil de personalidade do alumnado participante, así como orientacións académicas e profesionais específicas e adaptadas as súas características.

O alumnado encargado de participar neste innovador programa de orientación académico profesional a través de medios dixitais será o de 4º da ESO.

Non obstante, esta non é a única actividade interesante que están a realizar no IES de Melide co seu alumnado, xa que os e as estudantes de 1º da ESO participaron nun obradoiro titulado: "Redes sociais: vivimos a vida para mostrala ou para desfrutala". Un taller impartido pola educadora familiar, Virginia Castro, no que o alumnado intentou mellorar as súas competencias no bo uso das redes sociais. Un obradoiro imprescindible na actualidade, xa que moito do tempo de lecer da mocidade pásano nas diferentes redes sociais e unha mala xestión das mesmas pode acarrear grandes problemas.

Outra actividade que se está desenvolvendo estes días no IES de Melide é o torneo de ping pong no que participan cento vinte e oito alumnos e alumnas de todos os cursos da ESO, bacharelato, FP básica, cliclo medio de madeira e parte do profesorado. Unha iniciativa do centro educativo melidense que se levará a cabo durante os recreos. Para ter todo listo e en tempo, o alumnado de 1º da ESO colaboraron na elaboración do cadro do torneo para ir colocando os nomes dos gañadores ou gañadoras de cada rolda e os contrincantes das diferentes fases.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

O TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA)

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Case toda a sociedade cre ter claro que é o TEA. Identifícase con persoas que "están no seu mundo", persoas que non queren e non buscan comunicarse e que normalmente teñen conductas "estrañas" como os movementos de balanceo. Pois ben, eses detalles non deberían definir a unha persoa con TEA.

O TEA é unha patoloxía complexa, non de fácil diagnóstico posto que non existe unha proba médica que o certifique e que ten unha grande variabilidade entre persoas con dito trastorno. Non obstante, todas as persoas con TEA comparten dificultades de comunicación, déficits en interacción social e patróns repetitivos e restrinxidos de conductas e actividades.

A atención temperá no TEA será fundamental para un bo prognóstico e dependerá da habilidade para detectar os sinais de alerta, tanto da familia como dxs profesionais que interactúen coa nena ou neno. Así, segundo a etapa evolutiva na que se atope, veranse determinados trazos que indicarán posibilidade de presentar esta patoloxía (nomearanse algunhas para que sexa máis fácil a comprensión do labor da logopeda). A falta de balbuceo e xestos ao redor dos 12 meses, non dicir palabras sinxelas ao redor dos 18 e a ausencia de frases espontáneas de dúas palabras, sen ser ecolalias, máis alá dos 24 meses ou calquera perda de habilidades da linguaxe social a calquera idade, serían sinais inmediatos para o TEA. A falta de contacto ocular, a falta de interese polos xogos comunicativos, polo contacto con outros iguais ou pola comunicación en xeral, a falta de sorriso social ou de xogo simbólico, tamén poden indicar a presenza do TEA.

Para o diagnóstico deberase facer unha observación exhaustiva e por profesionais especializadas. En Galiza contamos con varias asociacións que poden asesorar ás familias e ofrecer un servizo de diagnóstico: BATA en Vilagarcía, ASPANAES en A Coruña ou Capaces en Lugo, por poñer algún exemplo.

Unha vez feito o diagnóstico, sexa cal sexa a idade da persoa, a logopeda terá que traballar fixando obxectivos; desglosando todas as áreas afectadas e centrándose en que o tempo de consecución sexa curto para que a nena/o obteña o mellor rendemento da súa comunicación. A intervención debe ser funcional pensando no que a persoa precise e sendo realista en canto ao prognóstico e á consecución dos obxectivos. Ademais, deberá axustar as necesidades tamén á familia para proporcionarlle as ferramentas precisas para entender e axudar á súa crianza diminuíndo o estrés que a situación causará neles.

Parece sinxelo pero é unha tarefa de grande responsabilidade e que forxará unha relación de confianza coa familia e coa persoa con TEA. Unha intervención centrada na persoa e nas súas capacidades minimizará o impacto sobre a vida comunicativa diaria. Solo desta forma se pode traballar, vendo á persoa e as súas capacidades para mellorar os puntos máis fracos. Pódese considerar unha tarefa difícil pero para as logopedas, grandes apaixonadas dos retos, sempre supón unha motivación.

Teléfono:
642 007 210

O Concello de Melide aprobou por unanimidade investimentos por valor de máis de 560.000 euros

Os representantes dos diferentes partidos no pleno celebrado o pasado mércores 2 de febreiro na casa consistorial. / Foto: Concello. de Melide

O Concello de Melide vén de aprobar por unanimidade de investimentos por valor de 560.130,81 euros nun pleno ordinario celebrado o pasado 2 de febreiro.

Os investimentos aprobados están dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS + 2022) da Deputación da Coruña. Esta adhesión supoñerá a materialización de varios proxectos de índole urbanística e social.

Entre os proxectos que están incluídos destacan: a realización da segunda fase do proxecto de mellora da pavimentación e seguridade vial da zona comprendida entre as rúas Avenida da Habana, Rúa Galicia e Rosalía de Castro. O proxecto, cun valor de 183.248,79 euros, supón o compromiso do equipo de goberno municipal de poñer en valor unha zona do centro da vila que se caracterizou historicamente pola ausencia de investimentos.

A aprobación por unanimidade, co voto a favor de todas as formacións políticas locais, do POS + 2022 supón para Melide un investimento de 97.710,15 euros en gasto social, o que permitirá, entre outras iniciativas, a ampliación de partidas dedicadas a axudas de emerxencia social, ampliar o servizo de axuda a domicilio e ampliación do persoal técnico de servizo sociais e da escola infantil municipal.

Ademais, nesta primeira sesión plenaria ordinaria do ano aprobáronse dous proxectos que dende o Concello da vila denominaron "de gran importancia e necesidade" para Melide, como son: a substitución do céspede artificial do Campo de Fútbol Municipal, cun investimento de 191.529,59 euros e a mellora do Camiño de Petos, cun investimento de 50.152,20 euros. Por último, a adhesión ao POS + 2022 da Deputación de Coruña tamén permitirá a recepción de 279.171,87 euros para o financiamento de gastos correntes.

A pesares de votar a favor, a voceira do Partido Popular, Dalia García, valora do POS + 2022 da Deputación que presenta o equipo de goberno local como "falto de expectativas e de proxecto de pobo".

Rematan os traballos de mellora da Fonte de San Xoán en Furelos

A Fonte de San Xoán de Furelos logo dos traballos de mellora. / Foto: C.Melide

Rematan os traballos de mellora na Fonte de San Xoán na parroquia de Furelos, levados a cabo pola administración municipal.

As tarefas para mellorar o estado da fonte consistiron na limpeza de matorral nos arredores e da fronte da propia fonte, mantendo o exemplar de loureiro real, árbore característica das fontes populares. Na fronte da fonte tamén se repuxo o cano e incorporáronse laxes de pedra do país. O orzamento destas obras de melloras na fonte foi de 24.116 euros asumidos polo Concello de Melide.

Máis de cen persoas residentes en Melide recibirán o bono social eléctrico este ano

Neste ano serán máis de cen persoas residentes en Melide as que recibirán o bono social eléctrico para poder facer fronte á factura da luz.

O obxectivo desta subenvención, vixente dende o 2018, é axudar ás familias que estea nunha situación de vulnerabilidade a pagar a factura da luz e evitar así os cortes de suministro dun ben de primeira necesidade, xa que mentres sexan beneficiarios da mesma non poderán cortarlles a luz. A contía máxima que cubre esta axuda económica é entre 300 e 400 euros.

Unha persoa acendendo un radiador eléctrico. / Foto de arquivo

En Melide hai cento vinte e unha persoas que reciben este bono social eléctrico as que lle hai que sumar os usuarios e usuarias beneficiarias na nosa comarca, as cincuenta e cinco familias de Santiso e outras corenta e catro no concello de Toques. Polo tanto, este ano na Terra de Melide serán duascentas vinte as unidades familiares que reciban o bono social eléctrico, xestionado polo goberno autonómico.

Nun momento como o actual, no que o prezo da electricidade no mercado regulado non toca teito é máis necesario que nunca que determinadas familias poidan acollerse a este tipo de axudas económicas para poder conservar unha necesidade básica como é a luz.

O Concello organiza un entroido con actividades para todos

A veciñanza presente no concurso de disfraces celebrado en 2019 no Palacio de Congresos da vila. / Foto: T.Melide

O Concello de Melide vén de publicar o cartel de actividades para o entroido deste ano cunha planificación diversa nas que poden participar persoas de todas as idades.

Nesta programación de entroido destacan as actividades para os máis cativos e cativas da casa, xa que poderán desfrutar dun obradoiro de elaboración de disfraces e máscaras; unha festa infantil con xogos, bailes e gags cómicos; un interesante xogo de pistas chamado 'Entroidando' (para maiores de 12 anos de idade) e unha gran festa de inchábeis para despedir as xornadas festivas.

Todas as actividades comezarán o sábado 26 de febreiro e nelas a música terá un papel protagonista, xa que durante os días de Entroido haberá varios pasarrúas a cargo do grupo melidá Herba Grileira e da formación os Gaiteiros do País.

Unha das grandes citas desta programación é o concurso de disfraces que volverá ser de xeito presencial no Palacio de Congresos de Melide. As persoas interesadas en participar nesta competición poden facelo achegándose ao departamento de cultura da administración municipal. Os premios polos que loitarán os mellores disfraces serán: en indivual ou parella haberá un primeiro premio de 150 euros e un segundo de 100 euros; na modalidade de grupo (entre 3 e 8 persoas) os gañadores ou gañadoras levarán 400 euros e os que consigan a segunda posición 300 euros; por último, as comparsas optarán a un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo de 700 euros. Unha cuantía de premios atractiva para animar á veciñanza de Melide e da comarca a participar e disfrazarse neste próximo entroido logo de ano pasado ter que celebrarse de xeito virtual por mor da pandemia. No caso de que a situación meteorolóxica o permita os participantes do concurso realizarán un desfile de disfraces con saída do Cantón de San Roque para que a veciñanza e visitantes poidan desfrutar de todas as propostas participantes.

Ao rematar o concurso de disfraces será a quenda da tradicional queima do entroido que, como cada ano, identificará un ou unha das personaxes máis famosas ou coñecidas do ano 2021. Non obstante, para saber o personaxe que será queimado haberá que esperar ata o martes de entroido e achegarse á Praza das Coles. En todas as actividades da programación cumpriranse todas as normas e medidas sanitarias que estean vixentes nese momento para facer fronte á COVID - 19.

Para varias das propostas de actividades infantís para o entroido como o obradoiro de elaboración de máscaras ou o de disfraces (para crianzas maiores de 5 anos) é preciso inscribirse previamente ao día da súa celebración no departamento de cultura da administración municipal. Para calquera dúbida ou solicitude de máis información as persoas interesadas poden chamar ao Concello en horario de atención ao público.

A Festa do Melindre xa ten data para a súa trixésima edición

A tradicional Festa do Melindre e da repostaría tradicional de Melide xa ten data para celebrar este ano a súa trixésima edición, será os días 7 e 8 de maio.

Esta festa de interese turístico galego é unha iniciativa organizada pola administración municipal para reivindicar os doces típicos e tradicionais, así como para promocionar a gastronomía da vila.

Para comezar a promoción desta xornada gastronómica, o Concello de Melide xunto coa Asociación Melide Terra Doce impartíronse varios obradoiros e realizáronse cata en diferentes centros educativos de formación profesional como no Ciclo Medio de Servizos en Restauración adulto, Dirección en Servizos de Restauración adulto e Ciclo Superior de Cociña adulto do CEIP Compostela. Nestas actividades participaron o mestre pasteleiro e xerente da Cafetería-Pastelería Estilo, Alberto Rodríguez, e a enóloga, embaixadora do Melindre e membro do Consello Regulador da II.XX das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, Sonia Otero.

O obxectivo da concellería de Promoción Económica do Concello de Melide con estas actividades é dar unha maior visibilidade aos doces tradicionais melidenses e animar á xente doutros municipios, por unha banda, a visitar Melide e a súa contorna, e pola outra banda, conseguir que os melindres, ricos e amendoados se coman todo o ano.

Melide conta cun novo mural dedicado a Rosalía de Castro para loitar contra o feísmo

O novo mural dedicado a Rosalía de Castro no Edificio Multiusos. / Foto: C. M

O Concello Melide encargou a realización dun novo mural dedicado a Rosalía de Castro para iniciar o proxecto municipal para a eliminación do feísmo da vila a través do pintado de diversos murais.

A artista encargada de pintar a Rosalía de Castro na fachada posterior do Edificio Multiusos, ao lado do Parque melidense que leva o nome desta destacada escritora galega, foi a ilustradora Lidia Cao. Os traballos desta artista destacan pola potenciación da expresividade dos rostos que pinta. Neste caso Cao retrata a Rosalía de Castro nun mural no que predominan os tons azuis e violetas, e no que a escritora sostén na man o seu poemario máis coñecido, 'Follas Novas'.

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Erro xudicial

Ten prezo un erro xudicial? canto vale un día de cadea inxusta? pode acabar na cadea un inocente? Si que pode acabar entrando na cadea unha persoa inocente, e a indemninización que o Estado lle pode chegar a dar oscila sobre os 25 euros. É a contía diaria que pagará o Ministerio de Xustiza por un erro xudicial que implique a privación de liberdade, non hai normativa sobre iso pero é co que actualmente se está indemnizando. Unha cantidade insignificante para un erro de tal magnitude. A xustiza non é perfecta e os seus erros deixan tras de si un regueiro de danos patrimoniais e morais na maioría dos casos irreparables. Os erros patrimoniais custaron case 58 millóns de euros ás arcas públicas, os morais son moito máis difíciles de cuantificar. A realidade as veces supera á ficción, e pouco cambiaron os tempos dende que Alfred Hitchcock enviase á cadea a Henry Fonda en " Falso Culpable" por unha identificación incorrecta de testemuñas. Pois ben, algo así foi o que lle ocorreu en 2018 a un catalán que acabou en prisión despois de que unha moza e un mozo que previamente denunciaron por lesións e agresión sexual identificasen "sen ningún xénero de dubidas" a un catalán que nese momento se atopaba na comisaria e se ofreceu como voluntario para unha rolda de recoñecemento. En xaneiro de 2020 a Audiencia de Girona cualificou como "despropósito difícil de explicar" o ocorrido. Case dous anos despois e tras un mes de prisión o tribunal absolveuno xa que conseguiu demostrar que aquela noite nin tan sequera saíra da casa. Outro caso similar deuse en 1992 en Alcorcón, cando sete testemuñas identificaron a un mozo tamén sen ningún tipo de dúbidas como o autor de agresións sexuais. Despois da súa detención as violacións seguiron acontecendo e o culpable sen deter. Os recordos manteñen unha relación peculiar coa realidade. Un pai de San Sebastián foi encadeado case 2 meses acusado de abusar sexualmente da súa filla, a pesar dos informes oficiais que o exoneraban de culpa, o home estivo encausado durante cinco anos, durante os cales non puido a ver a súa filla, ata que o xulgado finalmente arquivou o caso. Recoñecéuselle unha indemnización de 1.000 euros. Ou o mediático caso dos anos 90, o caso Wanninkhof, do que fai uns meses se estreouno un documental nunha plataforma en liña e posteriormente en televisión, onde a galega Dolores Vázquez foi unha falsa culpable privándoselle de liberdade 519 días, sen probas irrefutables e con fráxiles indicios, rachándolle por completo coa súa vida acomodada en Mijas, viuse obrigada a vender o seu chalé para pagar avogados e na actualidade ten unha pequena pensión. A súa imaxe foi desprestixiada e durante anos creuse firmemente en que ela foi a asasina da moza. Ocasionando polo tanto uns danos psicolóxicos irreparables. Chegou a ser condenada a 15 anos e un día de cadea e a indemnizar a familia da vítima con 18 millóns de pesetas. Foi o asasinato doutra moza anos despois o que fixo que se atopase o culpable real, sendo a única forma para que o tribunal a absolvese.

Pode que este fose un dos erros xudiciais máis graves e mediáticos da historia moderna da xudicatura española. Por un erro burocrático non foi indemninazada. As indemninacións por erros xudiciais non se dan sempre senón cando sexa por casos de retrasos indebidos nos xuízos, perda de probas claves ou embargos non axustados a dereito, tamén os casos de prisión preventiva ditada por comportamentos anómalos dos xulgados. Estar inxustamente na cadea por un erro xudicial non compensa de modo algún nin psicolóxica nin economicamente, pode incluso chegar a ocasionar danos irreparables, e como vemos, calquera podemos sen comelo nin bebelo, ser falsos culpables.

O investimento da Xunta de Galicia en Melide: saneamento e Río Furelos

A deputada Paula Prado con Dalia García e membros da Asociación de Troiteros durante a visita. / Foto: PP Melide

A finais de xaneiro a deputada autonómina do Partido Popular, Paula Prado, visitou Melide para comentar os proxectos e investimentos que a Xunta de Galicia vai destinar este ano ao municipio.

A deputada Paula Prado comunicou o remate do proxecto de eliminación de lodos da praia fluvial do Río Furelos cun investimento de máis de 216.000 euros, contía que terá que aportar o Concello de Melide, dado que a administración autonómica só financiou a realización do proxecto pero para facelo realidade o orzamento terá que saír das arcas municipais. Dende o Partido Popular melidense recordan que "o proxecto conta con todos os premisos sectoriais" e afirman que cando deixaron o Concello este contaba con 4,5 millóns de euros de remanente que debe ser utilizado para financiar estas obras. Non obstante, dende o equipo de goberno local afirman que a Xunta de Galicia se limitou á redacción do proxecto e que agora son eles os que terán que buscar a financiación para levalo a cabo, xa que para esta cuestión dende o goberno autonómico aportaron cero euros, polo que o investimento na vila é moito menos do que se afirma. Actualmente, este proxecto recibido hai dúas semanas está sendo estudiado polos técnicos do Concello.

Outro dos proxectos da administración autonómica para Melide é a segunda fase do saneamento da parroquia do Rañado, actuación que contará cun investimento de 133.000 euros e que aumentará 427 metros a rede de saneamento público. Este proxecto financiarase o 80% por parte de Aguas de Galicia e o 20% polo Concello de Melide. O PP da vila agarda que se "execute este ano e que o goberno local o xestione coa maior brevidade a dispoñibilidade dos terreos" e dende a administración municipal comentan que se enteraron dos detalles desta actuación polos medios de comunicación, que ao Concello non chegou ningún convenio para levar a cabo este proxecto.

merca Melide

FEIRA DE OPORTUNIDADES

HORARIO CONTINUO DE 11H A 20H

12 & 13 FEBREIRO 2022

PAZO DE CONGRESOS Melide

FOGAR | MOBLE | MENAXE | MODA | DECORACIÓN | SEGUROS | DEPORTES | MERCERÍA
COMPLEMENTOS | NOVAS TECNOLOXÍAS | CALZADO | LENCERÍA | PERFUMERÍA | BELEZA

Concello de Melide · Merca en Melide Corne de Galicia · CCA Melide Centro Comercial Aberto ASETEM · galicia · XUNTA DE GALICIA

JOYERIA
RELOJERIA
Jolvela

Unha xoiería coas mellores marcas:
Tous, Pandora, Lotus, Festina, Jaguar,
Viceroy, SanDo, MarkMaddox, Cluse,
Magic Wire, Ele-k e Pedro Durán

TOUS · PANDORA · LOTUS · PEDRODURAN · VICEROY · MARK MADDOX · FESTINA

Ronda da Coruña, 40
15800 Melide (A Coruña)
981 50 59 97

latexo logopedia

"Latexo Logopedia, onde a logopedia pode axudarche"

Rosalía de Castro, 3 - baixo
Melide - A Coruña
642 007 210
latexologopedia@gmail.com

¡¡MOI PRONTO ESTREAMOS WEB!!

Broz

ATOPA O TEU CALZDO PERFECTO NAS NOSAS TENDAS

CALZADO DE PRIMEIRAS MARCAS

- Panamá Jack
- Coverse
- Wonders
- J'hayber
- Alpe
- Callaghan
- Kangaroos
- Pablosky
- Pitillos
- Victoria
- Clarks
- Pepe Jeans
- Vulca Bicha
- ...

ESTAMOS EN
- Ronda da Coruña, 24
- Camiño de Ovedo, 13
Melide, A Coruña

CONTACTA CON NÓS
981 50 51 60
calzadosbroz@gmail.com

SÍGUENOS EN REDES SOCIAIS

Toys Maniatic

Ronda da coruña, 36 - baixo,
15800 - melide (a coruña)
981 50 51 95

O Concello de Toques obrigado a recuperar para uso público o ‘Camiño da Pena e o Río’

O exterior da Casa Consistorial de Toques na actualidade. / Foto de arquvio

A xustiza obriga ao Concello de Toques a recuperar para uso público o ‘Camiño de A Pena e o Río’, logo da denuncia presentada por parte da Asociación de Troiteiros do Río Furelos o pasado 22 de xuño.

A historia do ‘Camiño da Pena e o Río’ vén de lonxe, anteriormente a esta denuncia, o colectivo de troiteiros melidense presentou en decembro de 2015 un escrito ao Concello de Toques reclamándolle a apertura e rehabilitación de dito camiño; dous anos despois, en agosto do 2017, a administración municipal aproba nun pleno a recuperación e “deslinde en vía Administrativa do Camiño Público ‘Camiño da Pena ao Río’, emitindo e anunciando requerimentos e advertindo aos colindantes, dándolles un prazo de trinta días para repoñer o citado camiño. En caso contrario, unha vez cumprido ese prazo o Concello de Toques realizará o acto por si, a cargo do mesmo”, afirman nun comunicado dende a Asociación de Troiteiros do Río Furelos. Outra entidade á que se acudiu na procura de solucionar este problema foi a Valedora do Pobo, a cal lle solicitou reiteradamente ao Concello a recuperación do camiño, tal e como se reflexaba no pleno.

Coa resolución emitida pola xuíza do xulgado nº3 da Coruña nunha sentencia contra a que non cabe recurso, segundo informan dende o colectivo de troiteiros do Furelos, o Concello de Toques ten a obriga de recuperar o camiño en cuestión coas dimensións que se acordaron no pleno do 11 de agosto do 2017, tramitar o correspondente expediente para determinar o uso que terán os 92 metros cadrados de baldío existente a carón do río e pagar as costas.

A partir de agora, a administración municipal toquense ten tres meses para cumprir as demandas das que se fan referencia na setencia emtida pola xuíza o pasado 24 de xaneiro. Dende a A.T.R.F comentan que “non temos nin a máis mínima dúbida de que se lle vai en tempo e forma” a resposta ás esixencias da xuíza. O colectivo de troiteiros melidense pensa que a principios de verán o ‘Camiño da Pena e o Río’ volverá ser de uso público, mais manifestan que “nunca pensamos ter que chegar ata aquí. Nin somos responsables dos custos que isto puido ocasionar aos veciños de Toques. A teimosía de determinadas persoas do goberno municipal é a culpable deste despropósito que rematou agora”.

Remata o período de información pública do proxecto eólico que se pretende instalar na Pena da Cabra cunha potencia de 25,2 MW

A compañía Greenalia sometía, o pasado mes de decembro, a información pública o novo proxecto eólico da Pena da Cabra no concello de Toques cunha capacidade de 25,2 MW.

Este primeiro proceso para converter este proxecto en realidade remataba o pasado 2 de febreiro como data límite para presentar as alegacións oportunas. Este novo parque eólico sitúase dentro da área, Coto de Codesas, incluído no plan sectorial eólico de Galicia. O proxecto eólico Pena da Cabra contempla a instalación de seis aeroxeneradores de 4,2 MW de potencia unitaria para un total de 25,2 MW todos eles situados no concello de Toques. Cada aeroxenerador terá unha altura máxima de 112 metros e un diámetro de rotor de 136, tal e como informa a compañía de enerxías renovables.

A inversión estimada a realizar será de máis de 19 millóns de euros, terá unha produción media neta de 100.857 MWh/ano, o equivalente ao consumo de 29.000 hogares. A esta cantidade de inversión, hai que sumarlle a destinada á administración local que estima en 385.000 euros en concepto de taxas e impopostos.

Dende Greenalia fan fincapé en que “a zona onde se localizará o parque atópase fóra dos espazos protexidos por Rede Natura 2000”. Cabe recordar que o municipio de Toques é o concello galego con máis espazo proxetido por Rede Natura 2000. Dende o Sindicato Labrego Galego organizaron unha xuntanza o pasado mes de xaneiro para falar sobre este proxecto que se vai levar a cabo no concello de Toques. Ademais, asociacións en contra da instalación deste parque eólico publicaron na rede un modelo de alegación no que afirman que a instalación destes aeroxeneradores terá un forte impacto ambiental na zona e do que se verían afectados varios núcelos de poboación de toda a comarca. Por esta razón, solicitan que se rexeite a solicitude de autorización de Greenalia. A compañía de enerxías renovables consideran “compatible” a presencia do parque eólico Pena da Cabra cos elementos definidos no catálogo de paisaxes de Galicia. Polo que respecta ao patrimonio cultural e arqueolóxico, dende Greenalia destacan que no deseño do parque eólico “tivéronse en conta as localizacións dos elementos de patrimonio arqueolóxico e os seus perímetros de protección, de modo que ningún deles se vira afectado por este parque.”

Xeneradores como os que Greenalia quere instalar en Toques. / Foto: La Voz de Galicia

O grupo tradicional Zoelas publica o seu novo videoclip ‘O lenzo do silencio’

Os e as integrantes do grupo Zoelas nunha imaxe promocional. / Foto: Zoelas

O grupo de música tradicional da comarca da Ulloa, Zoelas, publica o seu novo videoclip ‘O Lenzo do silencio’, peza que forma parte do seu primeiro disco chamado Evalaités.

Neste videoclip aparecen todas as integrantes da formación musical e amosan o corpo como lenzo sobre o que ir pintando co paso do tempo. Unha peza audiovisual grabada en decembro do ano pasado en Amarante (Antas de Ulla) e que no mes de xaneiro saía á luz a través das redes sociais de Zoelas. Este é un traballo coidado que transmite pureza e claridade coa unión entre a música e as imaxes. Nesta peza audiovisual tamén teñen oco os instrumentos tradicionais galegos que usan na canción ‘O lenzo do silencio’.

Este videoclip pódese ver nas redes sociais de Zoelas e tamén na plataforma de Youtube, onde están outras pezas audiovisuais da formación con outras cancións do mesmo disco como poden ser marmuradoiras. Ademais, programas como o ‘Zigzag diario’ da Televisión de Galicia ou o ‘Diario cultural’ da Radio Galega fixéronse eco deste novo videoclip de Zoelas, mostra do interese do sector cultural por este grupo.

Herba Grileira dá vida a nove pezas do libro ‘Terra de Melide’

O músico Xaime Jubón durante as grabacións. / Foto: Herba Grileira

A escola melidense de baile e música tradicional, Herba Grileira, dará vida a nove pezas do libro ‘Terra de Melide’, un manual de etnografía publicado en 1933 polo Seminario de Estudos Galegos. Herba Grileira retomou as grabacións destas pezas, interrompido por mor da pandemia, coas que farán un disco editado por eles e elas mesmas que logo se poderá mercar.

Este traballo discográfico será moi variado na parte musical e cantada, tal e como apuntan dende Herba Grileira e contarán con músicos convidados como Xaime Jubón e Bruno Villamor para a grabación.

Froito Novo cumpre 50 anos en activo

Unha das fotografías do arquivo de Froito Novo da historia destes cincuenta anos de vida da formación. / Foto: R.M

Froito Novo, grupo de música tradicional de Melide, cumpre 50 anos do seu nacemento. Froito Novo é a formación musical que pode presumir de ser a que conta con máis anos de traxectoria e que segue en activo da vila, xa que se creou no 1972 e en pleno 2022 segue colleitando éxitos e recoñecementos.

Se retrocedemos no tempo a hai cicuenta anos veremos a un grupo de mozos que da man do recoñecido gaiteiro Grabriel Mato, membro dos Garceiras (outras das grandes agrupacións melidenses), decidiron dedicar parte do seu tempo libre a aprender a tocar a gaita. Dende ese momento e ata a actualidade, Froito Novo foi mudando de compoñentes pero en ningún intre o grupo quedou inactivo, un feito que ten gran relevancia e mérito pola suma dificultade que iso implica, dado que non todos os momentos foron de éxito, tal e como recordaba nunha entrevista polos corenta anos da formación o presidente da Coral Polifónica de Melide, Javier Rodríguez.

Non cabe dúbida, Froito Novo é un grupo coñecido en medio mundo, xa que actuaron en cidades como Barcelona ou Madrid e en diferentes países con outras culturas como son: Francia, Inglaterra, Suíza, Escocia, Polonia ou Holanda. Os compoñentes de Froito Novo levan o nome de Melide polos distintos lugares aos que van actuar, polo que son uns verdadeiros embaixadores do noso municipio. De feito, no 2014 recibiron a Medalla de Ouro que outorga o Concello polo día de San Pedro.

Dende Froito Novo están a preparar todo para de cara ao verán poder festaxar dunha maneira especial os 50 anos en activo da formación. Ademais, os membros do grupo animan á veciñanza a enviar fotografías do seu paso por Froito Novo para facer unha exposición.

Xavier Pazo repite outros catro anos máis como presidente da Asociación de Troiteiros do Río Furelos de Melide

Xavier Pazo no centro da mesa nunha reunión da asociación. / Foto de arquivo

Xavier Pazo Blanco repite outros catro anos máis como presidente da Asociación de Troiteiros do Río Furelos logo da xornada electoral celebrada o pasado mércores 26 de xaneiro.

A candidatura presentada por Pazo Blanco foi elexida con amplo respaldo por parte da gran maioría dos asociados, xa que nesta ocasión recibiron o 86% dos apoios, un 33,5% máis que nas pasadas eleccións, o que manifesta unha boa acollida da nova candidatura. Polo tanto, o resultado da xornada electoral foi: 271 votos favorables, 31 en contra e 13 abstencións.

Con este panorama electoral a Xunta Directiva da Asociación de Troiteiros do Río Furelos para os vindeiros catro anos queda do seguinte xeito: Xavier Pazo Blanco, presidente; Jorge Pazo Sánchez, vicepresidente; Carlos Lamas Rodríguez, secretario; Diego González Lirio, vicesecretario; Jesús Ramón Pampín Fuciños, tesoureiro; Iván Bruzos Cedán, vicetesoureiro; por último, Jesús Lamas Aller, José Antonio González Mejuto, Carlos Javier Castro García, Fernando Miguélez Mejuto e Abelardo Sánchez Borras como vogais.

Os deportistas da Escola Ayude colleitan varias medallas no certame de loitas olímpicas

O alumnado e mestres da Escola Ayude no campionato galego. / Foto: E. Ayude

O alumnado da Escola Ayude conseguiu varias medallas no campionato galego de loitas olímpicas en categorías U15 e U20 (escolar e junior) celebrado en Santiago de Compostela.

Un dos principais obxectivos que os e as deportistas tiñan neste campionato era conseguir unha praza para participar no campionato de España. Os resultados para o alumnado da escola deportiva de Santiso foi moi bo, xa que acadaron en total oito medallas: dous ouros, tres pratas e tres bronces. Polo tanto, varios deles irán competir aos españois.

A Illa de Altura

TIÑAS IDEA?

A illa de Altura no concello de Santiso nunha fotografía dende o aire. / Foto: abeancos.gal

Con motivo do encoramento do río e do asolagamento das aldeas e das terras de Beigondo, Visantoña (do concello de Santiso) e Viñós (pertencente a Arzúa) tras a creación do Encoro de Portodemouros formouse unha grande illa fluvial.

Na actualidade coñécese como Illa de Altura pero, ata a construción do embalse, coñecíase como Couto de Altura, sendo esta unha elevación natural destacada na paisaxe e sitúase nun meando fluvial existente na desembocadura do Rego do Muíño nas augas do Río Iso, a escasa distancia da cunca do río Ulla.

A Illa de Altura conta cunha pranta máis ou menos triangular e resulta moi destacada en altura, xa que acada unha cota de 328 metros sobre o nivel do mar, partindo dunha rasante da lámina do encoro que se sitúa a uns 80 metros respecto á cota máis elevada da Illa. Polo tanto, se o encorno está no seu caudal máximo estaría a uns 240 metros sobre o nivel do mar, co cal a Illa acadaría unha altitude de algo máis de 80 metros.

A gran parte da superficie do antigo couto (agora illa) está cuberta de arboredo, aínda que nela existen amplas áreas de raso. Nas fotografías sacadas dende o aire pódense apreciar con claridade a antiga rede de camiños de monte que discorrían polo vello couto de Altura e os límites das antigas zarzas ou terreos de labor nos que pode entenderse, de xeito claro, a parcelación minifundista destas antigas propiedades destinadas ao uso agrario.

A día de hoxe, ese tipo de actividades xa non se levan a cabo, polo que a Illa de Altura está destinada a aproveitamento forestal e a diferentes actividades cinexéticas. Nos meses de seca (especialmente nos de verán), o encoro baixa o seu caudal ata resultar posible acceder á illa a través dunha plataforma de terra dende as aldeas de O Seixo e o Penedo pertencentes á parroquia de Viñós, lugar no que chama a atención o vello templo de culto da parroquia en estado de ruína e abandono. Neste templo a súa espadana, xa sen campás, é testemuña dun ostracismo derivado dunha modernidade mal entendida, xa que no intre de construción do encoro, sen verse absolutamente afectada esta edificación, alguén se lle ocorreu levantar un novo templo de culto para a parroquia cando a vella aldea da Igrexa de Viñós non se ía ver afectada polo encoramento da década dos 60.

Corazón de tinta

Alumnado do IES de Melide

O SEU RECORDO

Naquela rúa da miña vila
respirábase sempre tranquilidade e amor,
pero desde que iso sucedeu,
só existía sufrimento e dor.
El xa non estaba, pero o seu recordo si,
e cando os cans ouveaban
e os paxariños piaban,
todo se paraba sen fin.

Alba Ramos López

FASME LEMBRAR

Cando pasas a meu carón
quedo espreitando a túa ollada,
pois unha cor marrón tan bonita
endexamais foi vista polo ser humano.

O teu ver asemella
coma mil amenceres
vistos dende a fiestra
nun día frío de inverno.

O teu longo cabelo
faime lembrar aqueles
días de verán nos que
observabamos eses prados
de millo torrados que
se podían ver ao final
do solpor nesa túa prezada aldea.

Pois aínda que fosen terras
atroces á vista, o feito de
contemplalas a teu carón
convertíaas en paisaxes cheas
de ilusión, de cor e de esperanza.

Antía Ramos Suárez

COSTUME

E aquí estamos como de costume
na mesma praia e no mesmo banco
aínda que algo cambiou,
xa non é o de sempre.
Miro diante de min e observo,
azuis e rugosas sabas axitadas á fronte
pero xa non é o de sempre.
Pecho os ollos e escoito,
o vento tráeme unhas melódicas verbas,
as que a ti tanto te intrigaban
e as que a min me fan sentir
máis preto de ti.

Noemí Vázquez Mejuto

A TÚA CHEGADA

Escoitábase na mañá o teu andar
ansioso por rematar
e a túa alegría
xa dende primeira hora do día.

Eras a única, que eu coidaba e me coidaba
Sen ti quedou baleira a miña alma
Esa parte que sempre quedará unida.

Pero cando cambiaches de vila
e as túas novas veciñas
eran as estrelas,
deixaches a miña alma coa esperanza
da túa chegada.

Lucía Sánchez García

SEN TÍTULO

como unha feiticeira logrou
que tomara a súa pócima
e caera nun soño de fantasía
do que non conseguín escapar

pero vestida de arqueira conseguiu
cravar a frecha na miña diana
e o motor do meu corpo
deixou de funcionar.

Lía Graña Antas

DENTRO DA GAIOLA

a maxestosa lámpada da noite alumeaba
o IR e VIR da melodía das ondas,
reflectindo un esbozo de esperanza
entre tanta escuridade

poucos eran os que conseguían
alzar a voar;
o trafego de autocares
mudaba a súa idea
e convertíaa nunha gaiola pechada

o piar agónico de paxaros
retidos pola sociedade
facíaos voltar á realidade

María Vázquez Prieto

LÚGUBRE

A lámpada da noite sorrí
cansa, lenta, muda,
revisa as beiras
dos fíos de bágoas por se aparecese
de súpeto Aquel que a voltou miúda.
Nunca retornará viva....

Pablo González Varela

ENTREVISTA A XOSÉ MARÍA SANTÍN, AUTOR DE "OXÍMORO"

"En 'Oxímoro' quería poñer en valor todo o patrimonio que temos en Melide, tanto material como inmaterial "

O autor de "Oxímoro", Xosé María Santín veciño de Melide durante a entrevista. / Foto: Cerne

- Para a xente que aínda non coñece 'Oxímoro' como o describirías?

- Xosé María Santín: No libro quería poñer en valor a vila, pero non só o patrimonio arquitectónico tamén cousas inmateriais, locais que me gustan especialmente ou incluso veciñanza de Melide. O que pasa que non sabía moi ben como contalo para que non fose aburrido por iso decidín mesturar estas historias na novela negra. A finalidade era que as lectoras e lectores quixeran seguir lendo e se lles fixera entretido.

- Parece que o conseguiches, "Oxímoro" está tendo boa acollida.

- (X.S): Si, máis da que eu pensaba nun primeiro momento. Realmente, o número de libros que se levan vendidos non é algo que me preocupe, eu quería poñer en valor o noso simplemente. O libro era un reto que tiña dende hai moito tempo pero non me paro a pensar en canta xente o está lendo.

- Ti sacaches tempo para escribir cando parece máis complexo, logo de ter mellizos.

- (X.S): Si, sempre me preguntan polo tema da conciliación pero eu creo que organizándote ben o tempo chega para todo. Ademais, o meu traballo tamén me permite facer estas cousas porque cando teño garda hai momentos nos que teño tempo libre e hai que buscar que facer. Logo, mentres a nena non durme e tes que estar con ela tamén aproveito para escribir algo, é certo que nese momento non están concentrado totalmente pero si que vou anotando as cousas que acordan ou ideas que xorden.

- Nunha entrevista no xornal La Voz de Galicia falas de que a xente está "un pouco anestesiada das cousas que vemos no noso día a día", por que cres que sucede?

- (X.S): Creo que as cousas que estás acostumado a ver a diario acabas restándolle valor. Está é unha percepción que temos moita xente, realmente valoras máis o que tes fóra ou non ves tan habitualmente, perdes interese nas cousas máis próximas. Moitas veces comento que estou seguro de que hai parte do patrimonio arquitectónico que se estiveran noutro país pagariamos por entrar a velas e como as temos aquí ao lado nin sequera as coñecemos realmente. Por exemplo, os que estudamos en Santiago pasamos todos os días por diante da Catedral e non entramos a ver os museos que ten dentro, non obstante se estivera en Londre seguro que entrabamos.

- Comentaches que moitos dos datos históricos os obtiveches "do espectacular e pouco valorado traballo de dignificación cultural que fai o Museo da Terra de Melide". Servirá 'Oxímoro' para poñer en valor este traballo.

- (X.S): Eu quería poñer en valor o traballo do persoal do Museo da Terra de Melide, fan un traballo increíble que penso que a veciñanza non valora o suficiente. Hai poucas vilas como Melide que teñan un museo e no que se fagan tantas actividades como neste caso, polo que considero que é de rigor poñer en valor ese traballo.

- A fase de documentación para escribir o libro tivo que ser longa.

- (X.S): Si pero como a min me gusta moito ler non supuxo ningún sacrificio. Son unha persoa moi inquieta, non son capaz de estar dez minutos mirando para o aire polo que leo moito e non só libros. Pouco a pouco vas colleitando datos e historias que che interesan, logo tamén tiven a sorte de ter como mestre a Xosé Manuel Broz que o seu gran traballo está aí, e outras historias escoitenas de pequeno das veciñas e veciños.

- Que foi o máis bonito do proceso?

- (X.S): Pois descubrín que escribir me relaxaba. Mentres escribía era capaz de abstraerme doutras cousas. Pódese dicir que foi case como terapéutico porque mentre estaba pensando en que poñer ou descartar, sobre como acabar unha capítulo,... mentres cavilaba iso non estaba pensando noutras cousas que me producían máis agobio.

- Xa estás pensando nun segundo libro, resultou "aditivo" o de escribir?

- (X.S): Sempre me gustou moito ler e escribir a pesares de que son de ciencias puras. Teño en mente facer unha publicación sobre neurocirurxía ou a neoroloxía porque hai historias moi interesantes que contar para que a xente que non teñen coñecementos de medicina entenda. Por exemplo, hai un centro do cerebro que se encarga de todo o que é a sensación do medo e de por que funciona así. Explicar porque temos medo dunha cousa en concreto e doutra non. En definitiva, explicar historias do meu ámbito laboral con casos clínicos para persoas que non saben de medicina.

- De feito un dos grandes problemas de desconexión entre a medicina e a sociedade en xeral é o non saber transmitila.

- (X.S): Si pero eu creo que pasa en máis ámbitos non só na medicina en particular ou na ciencia en xeral. Penso que pode resultar interesante para os lectores e lectoras que se coñeza o funcionamento do cerebro que é algo que chama tanto a atención porque dis ti: como podo ser capaz de cos ollos cerrados coller un teléfono, saber que é un teléfono e verbalizalo?, e que logo haxa unha enfermidade que che afecte e xa non sexas capaz de dicir o que é. Ademais, en galego case non atopamos publicacións sobre estes temas, podemos atopar algúns libros pero a gran maioría están en castelán. Por exemplo, un libro ao que se podería parecer a miña idea chámase "El hombre que confundió a su mujer con un sombrero" do neurólogo de Oliver Sacks, onde se contan historias de enfermidades neurolóxicas.

"SOMOS"

As persoas somos fráxiles coma tarros de cristal.
Se nos pegan, insultan, desprezan, ...rompémonos por dentro e sufrimos moito.
Levamos connosco cualidades que nos conforman como persoas. De cotío abrímonos aos demais e deixamos saír esas cualidades para contaxiar aos outros do que somos e sentimos...
Tan importante é facer ben como deixarse impregnar das cualidades dos demais e rexeitar aquilo que nos fai dano.
Ante os obstáculos da vida debemos ter positividade e moito ánimo.
Intenta ver nos demais o bo que levan dentro, ofrécete a axudar a compañeiros e compañeiras e procura entendelos cando teñen un mal día no que, de seguro, precisan do noso apoio e comprensión. Non permitas nunca que o teu corazón se baleire de bos sentimentos e procura facelos medrar sempre.
Na escola, como na vida:
"LOITA POR SER MELLOR, IRRADIA POSITIVIDADE"



Alumnado de 3º e 4º do
CEIP de Arcediago

ÁLVARO BLANCO, CUBIERTAS HERMANOS BLANCO

“O prestixio que conseguimos no sector como empresa é froito do traballo de moitos anos”

Cubiertas Hermanos Blanco é unha empresa familiar con ampla traxectoria no sector da construcción, na que ao longo dos anos se tiveron que ir adaptando e avanzando segundo viñan os novos tempos. Álvaaro Blanco, xerente da empresa, leva toda a vida no sector da construción porque o seu oficio xa lle viña de familia e a tradición segue a través da súa filla Noelia Blanco, actual administradora.

- Para as persoas que non coñezan Cubiertas Hermanos Blanco, fálamos un pouco da vosa historia como empresa.

- Álvaro Blanco: Somos unha empresa que se dedica ás cubertas en xeral, pero temos a especialidade en lousa, cobre e zinc. Todo empezou con meus pais e meus tíos que xa se dedicaban a este sector, polo tanto meus irmáns e eu xa fomos aprendendo dende pequenos con eles o que é o oficio. É certo que o sector cambiou, non se empregan os mesmo materiais nin métodos que se aplicaban cando traballaban os meus antepasados. Non obstante, naqueles tempos a pesares de ter menos recursos e materiais traballábase ben no sector. Unha vez que nos fixemos máis grandes tivemos a oportunidade de irnos formando noutras empresas porque antes no negocio traballabamos por toda España. Anos despois foi cando viñemos para a Melide e a súa comarca, grazas á unha empresa de construción da zona que nunha obra non conseguía facer unha cuberta e viñeron na procura da nosa axuda, este foi o noso primeiro traballo nesta comarca e xa sucedeu no ano 1977, e dende ese momento xa fixemos moitas pola zona de Melide. Á xente gustáballe o noso xeito de traballar e os servizos que ofrecemos, nós aquí sentiámonos como se estivésemos na casa e decidimos quedar por esta zona. É verdade que para poder traballar ben nesta parte de Galicia tivemos que deixar outras pero estabamos tan contentos aquí que o tivemos claro e decidimos poñer en Melide unha pequena delegación, a maiores da sede central que está no Barco de Valdeorras.

Álvaro Blanco, xerente de Cubiertas Hermanos Blanco, na delegación empresarial que teñen en Melide. / Foto: Cerne

- Que servizos ofrecedes na empresa?

- (A.B): Todos os necesarios para que cando hai unha obra nun tellado só os nosos obreiros teñan que traballar nel. Polo tanto, colocamos caleiros, facemos todo tipo de remates, capuchóns de cheminea e poñemos ventás velux (de feito somos instaladores oficiais desta marca). En Cubiertas Hermanos Blanco tamén decidimos inverter un pouco máis de cartos para poder mercar un camión elevador de brazo para que sexa máis seguro e cómodo traballar, logo temos os nosos propios andamios de estilo europeo, o que nos facilita moito o traballo xa que antes tiñamos que depender doutras empresas que chos instalaran e xa perdías tempo que agora podes aproveitar para avanzar na obra.

- As preferencias da clientela mudaron?

- (A.B): Si que cambiaron. Antes a xente tiña menos medios para poder inverter e preferían facer algo máis barato aínda que fora de peor calidade para poder aforrar. En cambio, agora a xente quere máis estabilidade e comodidade no sentido de que miran máis que poida ser algo do que vaian a desfrutar durante máis tempo e non lles importa ter que inverter un pouco máis de cartos. De feito, cando eu cheguei a Melide víase unha construción pobre, o que actualmente coñecemos como feísmo.

- Hai relevo xeracional no sector?

- (A.B): Non, ese é o gran problema actual. No noso sector non conseguimos atopar xente cualificada para traballar, na nosa empresa chegamos a ter dezaoito empregados e a día de hoxe somos sete porque por moito que busco non atopo persoal formado no noso sector. É unha situación moi complicada porque para traballar necesitas xente que cho saque adiante e senón hai está difícil.

- Cal cres que é a explicación para que o sector estea nesta situación?

- (A.B): A xente decantouse máis polos estudios, pola formación máis universitaria. Logo tamén considero que na actualidade tampouco hai tanta necesidade de traballar como cando eu era novo, daquela queriamos mellorar a nosa situación cando agora xa se parte dunha situación boa. Entón, na nosa empresa agora vanse xubilando os que teñen máis experiencia e non temos persoal para que os substitúa no posto. Por este motivo, as empresas do noso sector vano pasar moi mal no futuro próximo porque senón hai persoal para traballar non temos que facer. A sociedade ten que darse conta que para a construción tamén hai que ter certos coñecementos.

- Cubiertas Hermanos Blanco ten varios premios outorgados.

- (A.B): Si, a Asociación Nacional de Colocadores entregounos varios anos o premio á mellor colocación de lousa a nivel estatal. Isto representa un certo prestixio que houbo que ir amasando durante moitos anos para conseguilo.

- Hai uns meses empezamos a escoitar falar da escaseza de certos materiais, notástelo?

- (A.B): Por suposto. Ultimamente coa suba xeneralizada dos prezos xa me imaxinaba que ían empezar a escasear algúns produtos polo que tiven que facer unha inversión para poder coller máis material. Os meus provedores son persoas coas que levo traballando corenta anos e que che digan que non teñen produto... iso é moi complicado porque tes que facer unha inversión económica grande para poder ter o produto que necesites. Non creo que os prezos vaian a baixar a corto prazo nin se vaia estabilizar a situación pero se así fora eu xa teño unha partida económica importante destinada a iso. Agora non podes dar un presuposto a longo prazo porque hai clientes que tes que chamalos para contarlles que subiu o prezo porque senón non podemos facer a obra.

Cubiertas Hermanos Blanco
Avenida de Lalín, 7
15800, Melide
Tlf: 608 98 96 65

Campaña de PREVENCIÓN de la SORDERA 2022

Instituto de la Sordera

Reserve cita para su REVISIÓN AUDITIVA GRATIS

Pedir hora

Ronda da Coruña, 34
Melide - A Coruña
981 50 72 87
648 75 47 61

cep
CENTRO ESPECIALIZADO PHONAK

Ahora puede probar sus audífonos en casa

Estamos tan seguros de seleccionar la mejor opción para su problema auditivo que **puede probarla en su casa** con total tranquilidad un mes.

En el **Instituto de la Sordera,** sabemos que cada persona es única y por eso ofrecemos una amplia gama de soluciones innovadoras prácticamente INVISIBLES, para asegurar la solución adecuada en cada caso y satisfacer sus necesidades.

MODELO INTRACANAL

Se introduce en el interior del canal auditivo y solo usted sabrá que lo usa.

MODELO RETROAURICULAR

Colocado detrás de la oreja, pequeño y disponible en distintos colores que lo hacen prácticamente invisible.

PUEDE AJUSTAR SUS AUDÍFONOS EN CUALQUIER LUGAR

Se conectan directamente a su teléfono iOS®, Android™ o a otros dispositivos con Bluetooth® para que pueda transmitir audio de calidad excelente directamente a sus audífonos.

Establecimiento Sanitario autorizado por la Consellería de Sanidad de la Xunta de Galicia Nº E-15-001359